

Convocatoria 2025/2026 dos Cursos de lingua e cultura galegas I , lingua e cultura galegas II e Lingua e cultura galegas III

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia acordaron a realización de actividades de formación en lingua e cultura galegas na Casa de Galicia en Madrid.

Ao abeiro deste acordo, convócanse, con carácter gratuíto, os seguintes cursos:

- Curso de lingua e cultura galegas I (*Solicitud Anexo I*)
- Curso de lingua e cultura galegas II (*Solicitud Anexo II*)
- Curso de lingua e cultura galegas III (*Solicitud Anexo III*)

Condicións xerais

Os cursos desenvolveranse na modalidade presencial e terán unha duración total de 70 horas. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia do alumnado, xustificada ou non, non poderá superar o 10 % das horas lectivas do curso.

O sistema de avaliación dos cursos basearase no principio de avaliación continua. Será obrigatoria a realización das prácticas establecidas e as tarefas propostas, ademais dunha proba final, que constará dunha parte escrita e outra oral. Ao finalizar, o alumnado que obteña a cualificación de apto recibirá o diploma correspondente.

As persoas que desexen participar nalgún curso deberán imprimir e cubrir a solicitude dispoñible na páxina web da Casa de Galicia en Madrid (<https://casadegalicia.xunta.gal>) e presentala no Rexistro da Casa de Galicia (C/ Casado del Alisal, núm. 8, Madrid) ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén será válido o envío das solicitudes ao enderezo electrónico rexistrocasagalicia.madrid@xunta.gal. Tras recibilas, daráselles o trámite de entrada e anotación no rexistro como no caso das solicitudes entregadas presencialmente.

O prazo de presentación das solicitudes será do **15 ao 26 de setembro de 2025**. No caso da presentación presencial, o horario habilitado pola Oficina de Rexistro da Casa de Galicia é de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.

Excluíranse as solicitudes que non estean debidamente cubertas e as presentadas fóra de prazo.

Poderán solicitar estes cursos as persoas maiores de 16 anos ou as que os fagan dentro do ano natural da convocatoria.

O número máximo de participantes en cada curso será de 30. No caso de contar cun número de solicitantes superior, a selección do alumnado farase por rigorosa orde de entrada no rexistro. Elaborarase unha listaxe de reserva coas persoas excluídas, que respectará igualmente a orde de presentación das solicitudes.

Tras finalizar o prazo de presentación das solicitudes, as persoas seleccionadas recibirán unha mensaxe de confirmación no correo electrónico que indicaron na solicitude.

Condicións específicas

Curso I:

Impartirase **entre o 7 de outubro de 2025 e o 23 de xuño de 2026**, todos os **martes** lectivos, **de 17:30 a 19:30 horas**.

O obxectivo do curso é a iniciación no coñecemento da lingua e a cultura galegas.

Curso II:

Impartirase **entre o 7 de outubro de 2025 e o 23 de xuño de 2026**, todos os **martes** lectivos, **de 19:30 a 21:30 horas**.

O obxectivo do curso é a ampliación e o perfeccionamento dos contidos do curso I.

Terán preferencia as persoas que obtivesen a cualificación de apto na edición 2024/2025 do *Curso de lingua e cultura galegas I* e que presenten a solicitude no prazo e na forma que correspondan. Unha vez admitido este alumnado, completaranse as prazas coas solicitudes necesarias ata o máximo de 30 e sempre atendendo á orde de presentación nos termos indicados nas condicións xerais.

Curso III:

Impartirase **entre o 8 de outubro de 2025 e o 24 de xuño de 2026**, todos os **mércores** lectivos, **de 18:00 a 20:00 horas**.

O obxectivo do curso é a ampliación e o perfeccionamento dos contidos do curso II.

Terán preferencia as persoas que obtivesen a cualificación de apto na edición 2024/2025 do *Curso de lingua e cultura galegas II* e que presenten a solicitude no prazo e na forma que correspondan. Unha vez admitido este alumnado, completaranse as prazas coas solicitudes necesarias ata o máximo de 30 e sempre atendendo á orde de presentación nos termos indicados nas condicións xerais.

Madrid, 11 de setembro de 2025